

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ADICAM (ASOCIACIÓN DE DIAGNOSTICAD@S DE CANCRO DE MAMA) Cangas, inscrita co nº 2001/005501-1 (PO) do Rexistro de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 04/06/05, acordou a adaptación dos estatutos conforme a lei orgánica 1/2002.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, 6 de xullo de 2005

O/A DELEGADO/A PROVINCIAL

Asdo.: Sonia Lorenzo Santos

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DIAGNOSTICAD@S DE CANCRO DE MAMA

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- DENOMINACIÓN

Constitúese en Cangas unha Asociación sen ánimo de lucro denominada ADICAM (“Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama”). A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- OBXECTO E FINS

Son fins principais da Asociación:


- a.- Promover unha estreita e fraternal unidade entre tódol@s enferm@s de cancro de mama en tratamento por causa dunha enfermidade tumoral mamaria.
- b.- Promover e fomentar tódolos medios necesarios para a rehabilitación d@s súas asociad@s, entendéndose por tal:
 - A adecuación ás novas situacións persoais, familiares e sociais.
 - A superación das limitacións para seguir coa vida normal.
 - O vivir có máximo de saúde e calidade da vida posible, a pesares da enfermidade e as súas consecuencias.
- c.- Axudar ó desenvolvemento persoal d@s asociad@s nos aspectos sanitarios, culturais, organizativos, vivenciais, etc...
- d.- Crear, entre as asociadas, un ou máis GRUPOS DE AXUDA VOLUNTARIA (G. A. VO.) que teñan como finalidade a axuda inmediata ás mulleres, socias, mastectomizadas anteriormente.
- e.- Fomenta-las relacións de cooperación do Centro con outras Asociacións similares e os sectores sociais e culturais do entorno, xa sexan provinciais, autonómicas, nacionais ou internacionais.
- f.- Promove-la plena realización dos principios, da Asociación, así como a efectiva igualdade dos dereitos de tódol@s asociad@s, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, de raza ou sexo.
- g.- Requerir dos poderes públicos a atención e axudas que esta realidade social merece.
- h.- Desenvolver programas de educación familiar, para proporcionar @s enferm@s e os seus familiares coñecementos relacionados coa medicina preventiva tumoral.
- i.- Promover actividades formativas, culturais e de estudio, etc...
- j.- Contribuír ó funcionamento dos diversos servicios do centro.
- k.- Promover reunións de colaboración de asociad@s con profesionais da medicina e Autoridades e as boas relacións entre eles.

Esta enumeración de obxectivos non entraña a exclusión doutros relacionados cos anteriores, nin supón orde de prelación entre eles.

Artigo 3º.- DOMICILIO

O domicilio principal e permanente da Asociación radica na localidade de Cangas Av. Marín, 12 1º C.P. 36940 teléfono 986 30 71 58

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da *Asemblea xeral*, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinalanse como preferentes as seguintes direccións:



[Handwritten signature]

[Vertical list of handwritten signatures on the left margin]

Domicilio: Av. Marín, 12 1º
C.P.: 36940
Teléfono 1 / fax: 986 30 71 58
Teléfono 2: 647 65 00 86
Correo electrónico: adicam@terra.es

Artigo 4º.- ÁMBITO TERRITORIAL

A Asociación constitúese para as persoas con cancro de mama que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra, tendo, polo tanto, carácter provincial en canto ós seus integrantes, sen prexuízo de que a Asociación poida, como entidade xurídica desenvolver a súa actividade en defensa dos seus membros en ámbitos máis amplos, nacionais ou internacionais.

Artigo 5º.- DURACIÓN E RÉXIME XURÍDICO.

A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artigo 6º.- REQUISITOS PARA A ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE SOCI@S ACTIV@S.

Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Te-lo domicilio ou estar empadroad@ na provincia de Pontevedra.
- b. Estar diagnosticad@ de cancro de mama ou persoa que, non sendo diagnosticada de cancro de mama, tome parte activa na organización da Asociación.

Artigo 7º.- TIPOS DE SOCI@S.


Dentro da Asociación poderán existi-las seguintes clases de asociados:

- a) **Soci@s activ@s:** persoas diagnosticadas de cancro de mama que vivan e estean empadroadas na provincia de Pontevedra ou aquelas persoas que, non sendo diagnosticadas de cancro de mama, tomen parte activa na organización da Asociación.
- b) **Soci@s protector@s ou benefactor@s:** aquelas persoas ou representantes de entidades públicas ou privadas que contribúan coa súa axuda económica ou en especie ó sostemento e ó fin da Asociación.

Artigo 8º.- DEREITOS


Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.



[Handwritten signature]

[Vertical list of handwritten signatures on the left margin, including names like 'Ana González', 'Marta...', 'Tere...', 'Ana...', and 'Ana...']

- 
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
 8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
 9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
 10. Impugnar por escrito ante a Asemblea Xeral os acordos e actuacións da Asociación dentro do prazo de quince días despois de celebrada a Xunta.

Artigo 9º.- OBRIGAS

Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Contribuír economicamente ó sostemento da Asociación na forma que se estableza pola Asemblea, especialmente co pagamento das cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumpli-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 10º.-ADMISIÓN DE ASOCIADOS

Poderá ser soci@ toda persoa física, maior de idade ou menor emancipada, con plena capacidade xurídica, e domiciliada na provincia de Pontevedra, sempre que o solicite expresamente seguindo o seguinte procedemento:

A admisión de soci@s activ@s e/ou persoas, tanto Colaboradoras como Protectoras, realizarase mediante solicitude presentada pol@s interesad@s, ante @ secretari@ da Asociación, @ cal a presentará á consideración da Xunta Directiva, na inmediata reunión da mesma á data de solicitude do ingreso.

A Xunta Directiva, no prazo de quince días, deberá comunicar @ solicitante a súa admisión ou non, e o mesmo tempo acordará a súa categoría.

@s soci@s e persoas colaboradoras ou protectoras serán maiores de idade e con capacidade legal para obrar.

Artigo 11.- PERDA DA CONDICIÓN DE SOCI@

A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva, e non producirá efecto ata o mes seguinte da data de comunicación.
2. Por falta inustificada de pago de dúas cotas consecutivas.
3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.
5. Por falecemento.

Artigo 12.- SEPARACIÓN DE ASOCIAD@S

A expulsión de asociad@s será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesad@. O acordo de expulsión deberá ser ratificado en votación secreta pola Asemblea Xeral extraordinaria, coa participación como mínimo da terceira parte d@s soci@s, e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociad@, est@ deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.



Artigo 13º.- SEPARACIÓN TEMPORAL

Os asociad@s poderán pedi-la separación temporal por escrito dirixido o secretario da mesma.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Os asociados separados temporalmente quedaran suspendidos de dereitos e obrigas durante o periodo de separación.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14º.- ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 15º.- ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está composto por tódolos membros asociados que acudan á mesma, tanto presentes como representados, tendo as seguintes facultades:

1. Coñecer e aproba-las contas de cada exercicio, así como a memoria anual.
2. Coñecer e aprobar, se procede, os orzamentos tanto ordinarios como extraordinarios, fixando de acordo coas necesidades económicas da Asociación a cotas necesarias para o mellor desenvolvemento desta.
3. Establece-lo procedemento para a elección da Xunta Directiva que en todo caso respectará o principio democrático establecido na Constitución e lexislación de aplicación.
4. Nomear e separa-los membros da Xunta Directiva.
5. Modifica-los Estatutos.
6. aproba-la transformación, fusión e disolución da Asociación.
7. Acorda-la exclusión d@s soci@s.
8. Aproba-los acordos de admisión de novos membros propostos pola Xunta Directiva.
9. Constituír ou integrarse en federacións ou confederacións de Asociacións.
10. Fixa-lo domicilio social.

Ditas competencias e facultades establécense de xeito enunciativo e nunca limitativo, sendo a Asemblea Xeral o máximo órgano da Asociación.

Artigo 16º.- CONVOCATORIA DAS ASEMBLEAS

Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas extraordinarias.

Na convocatoria, que incluírá a orde do día, farase constar que @ soci@ pode acudir á Asemblea representad@ por outr@ soci@, ou ben pode delegar n@ secretari@ ou president@ da Asemblea podendo remiti-la delegación por escrito, por fax ou mail.

@s soci@s terán á súa disposición no domicilio da Asociación cantos antecedentes e documentación se refiran ós asuntos a tratar na Asemblea segundo a orde do día dende a data da convocatoria.

Artigo 17º.- ASEMBLEAS ORDINARIAS

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario dentro dos seis primeiros meses de cada ano.

A reunión terá por obxecto como mínimo:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
3. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
4. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
5. Exame e aprobación das cuotas e derramas necesarias a realizar pol@s soci@s.

Artigo 18º.- ASEMBLEAS EXTRAORDINARIAS

A Asemblea reunirase, para a resolución do asuntos da súa competencia, necesariamente e con carácter extraordinario, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

A Asemblea entenderase convocada e quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sen necesidade de previa convocatoria pola Xunta Directiva, sempre que estean presentes ou representad@s tódol@s soci@s e est@s acepten por unanimidade a celebración da mesma.

Artigo 19º.- CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA

A Asemblea, ordinaria ou extraordinaria, quedará validamente constituída na primeira convocatoria cando concorran, presentes ou representados, a metade máis un dos votos posibles.

En segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois da primeira quedará validamente constituída calquera que sexa o número de votos presentes ou representados.

Para tratar sobre a modificación dos estatutos, a fusión, transformación ou disolución da Asociación, esixirase en primeira convocatoria a asistencia das dúas terceiras partes do votos posibles. Senón houbese quórum, convocarase unha segunda, unha hora despois da primeira, que quedará validamente constituída coa asistencia dun tercio dos votos posibles.

Artigo 20º.- PRESIDENCIA E ACTAS DA ASEMBLEA

As Asembleas da Asociación, tanto ordinarias como extraordinarias, serán presididas polo president@ da Xunta Directiva. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, será substituíd@ pol@ Vicepresident@.


Actuará como secretari@ @ da Xunta Directiva e en caso de ausencia, vacante ou enfermidade será substituíd@ pola persoa que designe a mesma Xunta entre os seus membros.

Artigo 21.- OBRIGATORIEDADE DOS ACORDOS E RÉXIME DE SESIÓNS

Os acordos adoptados conforme o recollido nos presentes estatutos obrigarán a tódol@s asociad@s, incluso @'s non asistentes.

As sesións abriránse cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte d@ Secretari@ á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente @ Secretari@ procederá a plantexa-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.



Vicente González

Maria Varela

Enrique Larumbe

Jose Quaresma

[Signature]

[Signature]

Carmina [Signature]

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% d@s asociad@s inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte d@ Presidente.

Artigo 22º.- TOMA DE ACORDOS

Os acordos da Asemblea ordinaria e extraordinaria tomaranse por maioría simple dos votos presentes. Cando se trate de modificación de estatutos, fusión, transformación ou disolución da Asociación requirirase unha maioría de dous tercios dos votos asistentes á Asemblea, presentes ou representados.

Os acordos das Asembleas Xeral faranse constar en actas que se trasladarán a un Libro de Actas e serán asinadas pol@ President@ e Secretari@ da Asemblea.

A acta poderá ser aprobada dun dos seguintes xeitos:

- Na propia Asemblea e a continuación de celebrada esta, previa redacción e lectura, asinando a acta @ President@ e Secretari@ da Asemblea.
- Dentro do prazo de quince días, por medio da súa sinatura por dous membros asistentes á Asemblea designados na mesma, ademais de pol@ President@ e Secretari@ da Asemblea.

Artigo 23º.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 24º.- XUNTA DIRECTIVA

A Asociación estará administrada pola Xunta Directiva composta por un número non inferior a cinco membros, elixidos todos eles pola Asemblea Xeral. Deses membros, senón o fíxese a propia Asemblea, designarase:

- Un president@
- Un Vicepresident@
- Un Secretari@
- Un Tesoureir@
- Os vocais que designe a Asemblea

A Xunta Directiva terá un mandato de dous anos de duración, podendo ser reelexid@s o cabo do seu mandato.

Os cargos unha vez aceptados serán obrigatorios e gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva poderán ser cubertas provisionalmente ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

Perderán a condición de directiv@s da Asociación @s asociad@s que perdan a súa condición de soci@s por calquera causa e @s que voluntariamente renuncien á súa condición de soci@s.

Artigo 25º.- CONVOCATORIA DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva será convocada pol@ President@ cando o considere necesario e polo menos unha vez ó trimestre.

A convocatoria, coa súa orde do día, deberá facerse cun mínimo de tres días de antelación á data de celebración.

Artigo 26º.- CONSTITUCIÓN

A Xunta Directiva reunirse tantas veces como esixa o interese da Asociación por iniciativa d@ President@.

As citacións faranse persoalmente e por escrito ós membros da Xunta Directiva.

Non será necesaria a convocatoria cando estivesen reunidos tódolos compoñentes da Xunta Directiva e acorden unanimemente celebra-la reunión.

A Xunta Directiva considerárase validamente constituída cando concorran á reunión a metade máis un dos seus membros e estean presentes @ President@ e @ Secretari@, ou quen os substitúa.

A representación da Asociación en xuízo e fóra del corresponde a Xunta Directiva ou @ President@ segundo o disposto nestes Estatutos.

Artigo 27º.- ADOPCIÓN E EXECUCIÓN DE ACORDOS

Para a adopción de acordos requírirase o voto favorable da metade máis un dos membros asistentes e, no caso de empate na votación, decidirá o voto de calidade do President@.

Os acordos das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse constar en Acta que, asinada pol@ President@, Secretari@ e calquera outro membro da Xunta, manterase en poder d@ Secretari@.

A execución dos acordos da Xunta Directiva poderá encomendarse a calquera dos seus membros. A falta de designación corresponderá tal execución @ President@ ou @ Secretari@.

Os acordos de delegación de facultades ou apoderamentos tomaranse por maioría de dous tercios dous membros presentes ou representados.

Artigo 28º.- FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva terá as máis amplas facultades de dirección e administración, exceptuándose unicamente as atribuídas expresamente por estes Estatutos á Asemblea Xeral.

A representación, administración ou dirección da asociación, así como o uso da súa denominación, quedará atribuído á Xunta Directiva, coas seguintes facultades ou atribucións:

1. representar á Asociación en tódolos actos e contratos normais ou específicos que constitúen o seu obxecto social e, en xeral, os de administración máis ampla, incluso de adquisición, alienación, transacción, obriga ou gravame de bens de tódalas clases e dereitos, con excepción expresa de bens inmoebles, dispoñendo do dominio, na forma e condicións que se estimen axeitadas, e xan sexan mercantís, civís, penais, procesais, administrativos, laborais ou sociais, contenciosos, económicos ou de calquera outra índole, con facultades expresas para recursos de casación, revisión, contrafuero e amparo. As facultades que se inclúen nos apartados seguintes non limitan ás incluídas no presente.
2. levar a dirección técnica, administrativa, laboral, comercial e contables da Asociación, así como executar os seus acordos.
3. admitir e despedir toda clase de empregados, xa sexan técnicos ou administrativos, fixando os seus dereitos, obrigas e retribucións, gratificacións e demais emolumentos e sancionar as súas faltas, sen máis limitacións que as establecidas nas Leis Laborais vixentes en cada caso ou no Regulamento de réxime interno.
4. personarse nas Oficinas de Correos, telégrafos e teléfonos, e recoller a correspondencia certificada, contestar e seguir a correspondencia, ou autorizar para isto a outras persoas.
5. concertar seguros de todas clases, firmar pólizas e demais documentos precisos; satisfacer o importe de aqueles e percibir o do importe das indemnizacións, así como realizar protestas e reclamacións.


- 6. tomar parte en concursos e poxas; formular e presentar propostas, reservas e protestas e aceptar adxudicacións.
- 7. constituír toda clase de depósitos e retiralos, en todo ou en parte, cando se estime axeitado ou proceda.
- 8. representar á Asociación e realizar toda clase de xestións e dilixencias en Organismos públicos e privados, e xa sexan do Estado, Provincial, Municipio, autónomos ou paraestatais, Delegados de Facenda, Industria e Traballo, ou calquera outra que teña relación co obxecto social, Gobiernos Civís, Aduanas, Comisaría de Policía e outras dependencias, firmando escritos e solicitudes; retirar documentos; asistir a Xuntas e firmar Actas, e cobrar e percibir cantidades que correspondan á Asociación por calquera concepto, aínda que estean reflectidas en ordes ou mandamentos de pago, expedidos pola Administración.
- 9. concertar os servizos e abastecementos de gas, auga, electricidade, teléfono e similares e contratar obras.
- 10. intervir en suspensións de pagos, quebras e concursos de acredores; aceptar ou impugnar nomeamentos; asistir a xuntas con voz a voto; facer, modificar e aprobar ou impugnar propostas e convenios de calquera clase, restrinxindo, incluso a efectividade u a contía dos créditos.
- 11. librar, aceptar, avalar, endosar, negociar, descontar, cobrar, pagar, intervir e protestar letras de cambio, comerciais ou financeiras e de calquera tipo, talóns, cheques, outros efectos, ou en xeral documentos de crédito e xiro. Abrir, seguir, cancelar e liquidar contas de aforro, contas correntes e de crédito, pólizas de contra-aval, contra-garantía, desconto comercial e afianzamento mercantil, e en xeral, constituír, modificar e cancelar e retirar fianzas provisionais e definitivas, así como depósitos de calquera clase. Concertar, activa ou pasivamente, créditos de todo tipo, previndo as cantidades que procedan en virtude dos mesmos e abonando as que correspondan. Dar e tomar diñeiro a préstamo, con ou sen interese.


Comprar, vender, canxear, pignorar e negociar efectos e valores, e cobrar os seus intereses, dividendos e amortizacións.
Arrendar caixas de seguridade.

En xeral, celebra-las actuacións indicadas e operar con Caixas de Aforro, Bancos, incluso o de España, Banco Exterior de España, Banco de Crédito á Construcción e outros oficiais, nacionais ou estranxeiros, as súas sucursais, e entidades similares, dispoñendo dos bens e fondos existentes neles por calquera concepto; solicitar saldos e extractos de contas, e facer en xeral canto permitan a lexislación e a práctica bancaria.

As operacións expresadas poderanse concertar con ou sen garantía persoal, de valores, mercancías, efectos comerciais ou outro tipo de bens, hipotecas mobiliarias ou inmobiliarias, responsabilidades accesorias, no seu caso. Tales garantías poderanse cancelar ou reducir no seu día.


- 12. comerciar, dirixir e administrar negocios mercantís e industriais, tanto da Asociación como dos confiados á mesma.
- 13. formalizar convenios colectivos e tributarios.
- 14. comparecer en Xulgados, Tribunais, Maxistraturas, Fiscalías, Ministerios, Sindicatos, Delegacións, Xurados, Comisións, Asociacións, Notarías, Rexistros, Autoridades e demais Organismos, en asuntos civís, penais, administrativos, contencioso e económico-administrativos, gubernativos, laborais ou sociais e fiscais ou tributarios, de tódolos graos, xurisdicións e instancias, promover, instar, seguir, contestar e rematar como actor, solicitante, coadxuvante, requirido, demandado, oponente ou en calquera outro concepto, toda clase de expedientes, manifestacións, excepcións, reclamacións, declaracións, queixas e recursos, incluso




- 
- de casación, revisión, amparo e contraforo, con facultades expresas para ratificarse, desistir, allanarse e transixir. Instar actas de toda clase notarias e facer, aceptar e contestar requirimentos e notificacións.
 15. outorgar poderes coas facultades que se detallan a calquera persoa, incluso xerais para pleitos e asuntos xudiciais, uns e outros con cláusula de substitución ou sen ela.
 16. firmar cantos documentos públicos e privados se requiran para cumprir coas facultades outorgadas.
 17. participación en sociedades
 18. apoderar os membros de Xunta Directiva substituíndo todas ou algunha das facultades antes relacionadas.

A presente determinación de facultades é soamente enunciativa e non limita en maneira algunha as amplas facultades que competen á Xunta Directiva para dirixir e administrar os negocios e intereses da Asociación en todo canto non estea especialmente reservado á Asemblea Xeral.




Así mesmo, a Xunta Directiva para levar a bo termo as finalidades da Asociación, poderá decidir sobre:






- 
1. propoñer á Asemblea Xeral as actuacións para a defensa dos intereses d@s asociad@s.
 2. propoñer á Asemblea Xeral os programas de actuación a seguir en defensa dos intereses d@s asociad@s.
 3. velar polo rigoroso cumprimento dos acordos tomados na Asemblea Xeral.
 4. convocar reunións extraordinarias e ordinarias da Asemblea Xeral, así como elaborar o Orde do Día.
 5. propoñer á Asemblea Xeral as cotas a satisfacer pol@s asociad@s.
 6. presentar os orzamentos, balances e liquidacións de contas para a aprobación á Asemblea Xeral.
 7. elaborar a memoria anual de actividades para presenta-la súa aprobación á Asemblea Xeral.
 8. Adoptar decisións unicamente en casos rigorosos de extrema urxencia, que correspondan á Asemblea Xeral, convocando inmediatamente a esta para someter á mesma a súa aprobación.

Artigo 29º.- D@ PRESIDENT@



@ President@ da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra. Ademais das facultades que lle son conferidas nos artigos precedentes, relativos á Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, terá as seguintes competencias específicas:

1. levar mancomunadamente co tesoúeir@-secretari@ a sinatura e actuar en nome da asociación en toda clase de operacións bancarias, abrindo e pechando contas correntes, dispoñendo delas, intervindo en letras de cambio como librador, aceptante, avalista, endosante, endosatario ou tenedor; facer transferencias de fondos, rendas, créditos ou valores, usando calquera procedemento de xiro ou movemento de diñeiro; aprobar saldos de contas, finiquitos, constituír e retirar depósitos ou fianzas, compoñer contas, formalizar cambios e demais operacións bancarias. Todo o anterior tanto con Banco de España, a Banca oficial e Caixas de Aforros, como con entidades bancarias privadas e calquera dos Organismos da Administración Pública.
- 
- 
- 

- 
- 
- 
- 
- 
2. realizar toda clase de pagos, dispoñendo o necesario para o debido cumprimento de tódalas obrigas da Asociación e esixir-los recibos, cartas de pago e resgardos oportunos.
 3. reclamar, cobrar e percibir canto por calquera concepto deba ser aboado ou pagado á Asociación, en metálico, en efectos ou en calquera outro tipo de prestación, polos particulares, entidades bancarias e de outra clase, polo Estado, Comunidades Autónomas, provincia, municipio e, en xeral, por calquera outro ente público ou privado. Dar e esixir recibos e cartas de pago, fixar e liquidar saldos.
 4. apoderar a determinadas persoas para actos concretos e, en particular, a persoa que asuma a xerencia, para levar a cabo as atribucións que se lle confiren no seguinte artigo e aquelas outras que a Xunta Directiva estime oportuno.
 5. presidir a Asemblea Xeral así como a Xunta Directiva.
 6. representar á Asociación en calquera clase de actos ou contratos previo acordo da Xunta Directiva.
 7. exercer-las funcións específicas que se lle atribúan nos Estatutos.

Artigo 30°.- D@ VICEPRESIDENT@

@ Vicepresident@, ademais das competencias que se lle asignen noutros apartados dos presentes Estatutos, asistirá @'presidente nas súas funcións, sustituíndoo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 31°.- D@ SECRETARI@

@ Secretari@ recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace d@ President@.

@ Secretari@ correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 32°.- D@ TESOUREIR@

@ Tesoureir@ recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participan en tódalas operacións de orde económico.

Artigo 33°.- D@S VOCAIS

Os Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:


1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 34°.- D@ XERENTE DA ASOCIACIÓN

Poderá existir un xerente da Asociación nomead@ pola Xunta Directiva no caso de considerarse necesario dadas as actividades da Asociación, informando do seu nomeamento á Asemblea Xeral na primeira reunión desta.

As funcións e facultades do Xerente serán as que determine a Xunta Directiva no acto do seu nomeamento.

Este posto, en todo caso, é alleo á Xunta Directiva, se ben pode asistir ás súas xuntanzas con voz pero sen voto.



**CAPÍTULO IV
RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 35º.- PATRIMONIO INICIAL E EXERCICIO ECONÓMICO

A Asociación no momento de inicia-las súas actividades constituíuse sen patrimonio fundacional.

O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 36º.- RÉXIME ECONÓMICO

A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de presuposto será elaborado pol@ Tesoureir@ da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 37º.- RECURSOS ECONÓMICOS

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas d@s asociad@s.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 38º.- COTAS ORDINARIAS

As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 39º.- CONTAS ANUAIS

Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición d@s asociad@s, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 40º.- ORZAMENTOS

Anualmente no tempo que establece o artigo 17 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 41º.- DISPOSICIÓN DE FONDOS

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

Artigo 42º.- NON DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre @s asociad@s os recursos obtidos pola Asociación.

**CAPÍTULO V
DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

Artigo 43º.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Poderá existir un regulamento de réxime interno aprobado pola Asemblea Xeral a proposta de Xunta Directiva.

O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

**CAPÍTULO VI
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

Artigo 44º.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 45º.- MAIORÍA PRECISA PARA A MODIFICACIÓN

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 46º.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.


Artigo 47º.- LIQUIDACIÓN

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociad@s liquidador@s, que xunto @ President@ e @ Tesoureir@, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 48º.- DESTINO DO PATRIMONIO

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.


XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Inscrito a modificación por resolución do 06/07/2005
de seu efecto de publicidade de conformidade co
artigo 22 da Constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.
PONTEVEDRA, 06 XULL 2005
DELEGADO PROVINCIAL